

BARAHUNDA
mudanse as ventos



ORGANIZAN



Concello de Boiro

COLABORAN



AETEMAGA

Asociación Xogos
Tradicionais de Galicia

Librería LER (Pobra)

Che tembra

Roberto Figueira

Ola, Boneca

Chicho Farto

Ondiñas Mainas: Pepa
Martínez e Ángela Agrelo

Foro Ecolóxico de Boiro:
Marcos Chouza, Alazne
Outeiral, Ana Vázquez,
Samira e Maureen

Artesanía a través da
reutilización: Treus

Artesanía San Cosmeiros

JJ Chicholino

Bandín Audio

Pirotecnia Ricardo Resúa

Abadía de Santo Enrique

Polbeiría Porta

Editorial Galaxia

Edicións Xerais de Galicia

Grupo Correo Gallego

La Voz de Galicia

Cruz Vermella de Boiro

Protección Civil de Boiro

Xunta de Galicia: Secretaría
Xeral de Normalización
Lingüística

Deputación da Coruña

Concello de Boiro

VI ROMARÍA DAS LETRAS NO BARBANZA



Martes, 17 DE MAIO 2016
PAZO DE GOIÁS - BOIRO

VI ROMARÍA DAS LETRAS NO BARBANZA

DATA: Martes, 17 de maio de 2016

LUGAR: Pazo de Goiáns - BOIRO

PROGRAMA:

PAZO DE GOIÁNS:

11:00 horas: apertura recinto e recibimento participantes.

11:30: xogos tradicionais e populares para todas as idades.

11:45 horas: actuación do grupo de cantareiras **RUNCA É TARDE**.

12:00 horas: actuación dos grupos de danza e música da **A. G. PEDRA DE AROÑA**.

12:30 horas: actuación do Grupo de baile tradicional de **ABANQUEIRO**.

12:45 horas: actuación do grupo de cantareiras **RIOLA** e os gaiteiros **OS RACHAPALCOS**.

13: 15 horas: actuación do grupo de cantareiras **LUMIEIRA** e **ALBAROQUE**.

13:45 horas: mostra tradicional de encaixe a cargo das Palilleiras Galegas **REVOLTEIR@S**.

14:30 horas: xantar campestre nos xardíns do Pazo de Goiáns.

15:30: xogos tradicionais e populares para todas as idades.

16:30 horas: lectura de textos da obra de Manuel María, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016 a cargo de Grupo de Teatro **AIRIÑOS** de Rianxo.

17:00 horas: discursos institucionais e presentación do libro *De remate*, de Héctor Gajaraville, Premio Xerais de Novela 2015.

18:00 horas: presentación do libro *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María*, de Mercedes Queixas Zas.

19:00 horas: actuación do grupo da **ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL** de Boiro.

19:30 horas: actuación dos grupos **XILBARBEIRA** e **AS XOANIÑAS**.

20:00 horas: actuación do grupo de baile tradicional **ABELOURA**.

20:30 horas: Concerto das Letras a cargo do grupo: **BARAHÚNDA**, presentando o seu último traballo, *Múdanse os ventos*.

22:00 horas: Remate da VI Romaría das Letras no Barbanza.

Así mesmo, durante toda a xornada estarán abertos ao público os stands dos colectivos colaboradores e a exposición fotográfica sobre **MANUEL MARÍA**.

GRUPOS PARTICIPANTES

Grupo de Baile e Música tradicional da **A. G. Pedra de Aroña** de Escarabote

Grupo de Baile Tradicional de Abanqueiro

Grupo de Teatro **Airiños** de Rianxo

Runca é tarde, grupo de cantareiras de Boiro

Riola, grupo de cantareiras de Escarabote

Os Rachapalcos, grupo de gaiteiros de Escarabote

Albaroque, grupo de cantareiras de Escarabote

Lumieira, grupo de cantareiras de Boiro

Abeloura, grupo de baile tradicional de Boiro

Xilbarbeira, grupo de baile tradicional de Boiro

As Xoaniñas, grupo de cantareiras de Boiro

Palilleiras galegas: *Revolteir@s*

Grupo da Escola de Música Tradicional de Boiro

Barahúnda



MANUEL MARÍA

MANUEL MARÍA Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei en 1929 e faleceu n'A Coruña en 2004. Empezou a publicar en 1948 e aínda que cultivou todos os xéneros literarios, foi sobre todo un poeta, que comezou publicando *Muiñeiro de Brétemas* en 1950 para ir logo sacando do prelo máis de cincuenta libros, entre os que destacan *Advento* (1954), *Terra Cha* (1954), descritivo e paisaxístico; *Proba documental* (1968), socialrealista e crítico; *Poemas ao Outono* (1977) de ton elexíaco; *A primavera de Venus* (1993), amoroso e íntimo; *Sonetos á Casa de Hortas* (1997) e o póstumo *Cecais hai unha luz* (2010). Cultivou tamén a poesía para nenos nos libros *Os soños na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceibe* (1979).

Empregou toda clase de rexistros lingüísticos e literarios, foi do popular ao culto, do intimismo á poesía comprometida, do simbólico á poesía de combate. É tamén importante a súa contribución ao teatro galego, para o que escribiu máis de corenta obras, das que salientan *Auto do labrego* (1961), *Barriga verde* (1968), *Unha vez foi o trebón* (1992), *Farsa do Bululú* (1973) e *Edipo* (2003).

Xornalista dende a mocidade, en 1990 recolléronse os artigos que publicara en *A Nosa Terra* co pseudónimo "Manuel Hortas Vilanova", no libro *Andando a terra*, mais publicou tamén narrativa: *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (1952), *Os ontes do silencio* (1990), *Viaxes e vagancias de M. P.* (1994) e varios relatos para nenos e nenas.

Foi membro numerario da Real Academia Galega.